

- 34) Os pesos dos polos dunha granxa distribúense normalmente cunha media 1800 gr e unha desviación típica de 300 gr.
- Se rexeitamos os polos que pesan menos de 1500 gr, ¿qué porcentaxe hai que rexeitar?
  - Elixidos dous polos ó chou ¿cal é a probabilidade de que polo menos un deles pese máis de 2 kg?
- 35) O peso das ameixas recollidas nunha ría galega segue unha distribución Normal de media 20 e desviación típica 4. Para unha fábrica son válidas as que pesan entre 18 e 35 g.
- ¿Qué porcentaxe de ameixas é válida?
  - Dun lote de seis ameixas ¿cal é a probabilidade de que polo menos unha sexa válida?
- 36) O nivel de aceptación dun determinado partido é do 25% da poboación. Dun mostreo realizado a 40 persoas, ¿cal é a probabilidade de que 15 acepten ese partido?
- 37) Sábese que a probabilidade de que un ordenador da facultade de informática teña virus é 0'15.
- Se nunha aula hai 10 ordenadores, ¿cal é a probabilidade de que máis dun ordenador teña virus?
  - ¿Cal ha de se-lo número máximo de ordenadores instalados nunha aula para que a probabilidade de que menos de dous ordenadores teñan virus sexa superior a 0'65?
  - Se en toda a facultade hai 100 ordenadores, ¿cal é a probabilidade aproximada de que menos do 10% deles teñan virus?
- 38) A porcentaxe de fracaso escolar nunha determinada rexión é do 40% sobre un total de 1000 individuos. Determina a probabilidade de que:
- Se produzan exactamente 400 fracasos.
  - Non se superen os 400 fracasos.
- 39) Supoñamos que a probabilidade de nacer varón en España é 0'512. Se durante un ano nunha rexión naceron 2000 persoas, ¿cal é a probabilidade de que o número de varóns estea entre 1000 e 1080?
- 40) A duración de certo tipo de motor é unha variable normal cunha media de 10 anos e desviación típica de 2 anos. O fabricante garante o bo funcionamento dos motores por un período de 13 anos. ¿Que porcentaxe de motores se espera que non cumpran a garantía?
- 41) O peso das tortas de améndoa que fabrica unha panadería industrial segue unha distribución Normal de media 1 kg e desviación típica 80 g.
- O peso dunha torta considérase correcto se está comprendido entre 960 e 1040 g. Elixida unha torta o chou determina a probabilidade de que teña un peso correcto.
  - Nunha partida de cinco tortas, ¿cal é a probabilidade de que só dúas teñan un peso correcto?
- 42) Unha fábrica produce en cada turno 100000 bólas para rodamentos de forma que a probabilidade de defectuosa é 0.04. No control das bólas revísanse todas depositando as defectuosas (que se detectan todas) nun recipiente que se valeira ao final de cada turno. ¿Cántas bólas ten que conter o recipiente para que a probabilidade de que a súa capacidade non se vexa superada sexa 0.95?